

TEMA 14: XORNADA DE ENSAIO.

COMPREENSIÓN:

Páx. 176, exerc. 1, 2, 3, 4, 5.

1 • Pregunta polo avión o director do auditorio. Porque está esperando polo pianista que tiña que vir nese avión. • O público está impaciente porque comece o concerto e pide que o músico saia a tocar, pois en caso contrario marchará.

2 A historia transcorre nun auditorio. Participan o director, un interlocutor co que fala por teléfono, o secretario, o falso Proppof (o señor Castro) e o público. • Proppof é un famoso concertista de piano. • O home que chegou ao auditorio era un fontaneiro. • Pensaron que era o músico, porque estaban esperando por el pois xa era hora do comezo do concerto. • Pensaban que era un músico excéntrico por como ía vestido e pola maleta que levaba.

3 Cando lle piden que cambie a roupa e que poña o frac, porque el vai con roupa apropiada para traballar de fontaneiro e non necesita frac. / Cando lle din que ten uns dedos maxistrals. El refírese á súa maneira de traballar que fai as cousas de calquera maneira, que non é moi fino traballando.

4 A segunda imaxe. Despois disto comeza a golpear o piano coa chave.

5 O equívoco consiste en que confunden o fontaneiro co concertista de piano. O momento do texto en que se aclara é ao final unha vez que rompeu o piano e lle chaman Proppof. («Que fai? Estragou o piano. Parece que non sabe vostede tocar, señor Proppof.»)

1 Hai tempo que estudo **sofexo**. Na escola temos un coro e **ensaíamos** dous días á semana. Hoxe teremos a nosa primeira actuación con público. Colocarei as **partituras** no **atril** coma sempre e... espero que, cando se acenda a luz verde do **micrófono**, non me poña nervioso e non **desentoe**.

2 VENTO ► óboe, frauta. CORDA ► violín, violonchelo, laúde. PERCUSIÓN ► caixa chinesa, pratos, piano, pandeiro. RM. tuba, contrabaixo, timbal.

3 (De máis a menos compoñentes) Orquestra, banda, cuarteto, trío, dúo, solista.

GRAMÁTICA: CLASES DE ORACIÓN. (Voluntario)

1 • Para preguntarlle o nome a alguén que non coñeces. ► Interrogativa. • Para dicirlle a alguén que algo non se pode facer. ► Imperativa ou exhortativa. • Para expresar que estás contento porque aprobaches. ► Exclamativa. • Para indicar que algo é verdadeiro. ► Enunciativa.

5 • Non deixedes os xoguetes tirados. → Imperativa. • Xa chegaron os teus curmáns da piscina? → Interrogativa. • Este ano non podemos asistir ao concerto. → Enunciativa. • Regade as plantas con coidado. → Imperativa. • Moito me gusta o seu libro novo! → Exclamativa. • É o meu aniversario, por fin! → Exclamativa.

1 • No bosque hai moitas árbores: castiñeiros, carballos, piñeiros e faias. • Na orquestra hai moitos instrumentos: violíns, violonchelos, frautas e clarinetes.

3 Sabela chamou por teléfono a Lois, que estaba con Adela, e preguntoulle:

–Cantas entradas podedes coller cada un para o concerto dos Pinchacarneiros?

–Podemos coller catro. Por que? –contestoulle Lois moi amable. –Porque imos ir tres amigas: Rita, Ana e mais eu. Entón, fáltanos unha entrada.

Non te preocupes, consígocha sen problema! –aseguroulle Lois.

4 Xoán preguntoulle a Iria:

–Que instrumento tocas na banda de música?

–Teño que tocalos todos –respondeu Iria rindo.

–E por que? –interrogou Xoán estrañado.

–Porque son a directora e debo saber o que ten que tocar cada músico en cada momento –explicoulle Iria.

Ditado páx. 181.

LITERATURA. A LITERATURA POPULAR.

Páx. 183, exerc. 4.

4 RM. (Título) O raposo e o caracol. • Os protagonistas son un raposo e un caracol. Gaña a carreira o caracol. Conségueo porque se apega ao rabo do raposo e, cando este dá volta para mirar atrás, sóltase e queda diante do raposo. • RM. A tartaruga e a lebre. • RM. Máis vale maña ca forza.

SABER FACER: Describir un personaxe. (Voluntario)

Páx 184, exerc. 2, 3 escritos.

ACTIVIDADES FINAIS: Páx. 185, exerc. 4, 5 7.

4 RM. Onde estará o outro calcetín? / Comeza o programa de hoxe. / Facede esta multiplicación. / Que ben sabe este amorodo!

5 Antes dunha enumeración que se anuncia. Antes de citar as palabras que di alguén.

7 RM. • **O neno** manchou a roupa de lama. • **Os turistas** visitaron a catedral. • **Nós** mercamos limóns e laranxas. • **Vós** deixastes a porta aberta.